

RECICLAR: UNHA PRIORIDADE

A reciclaxe require dun pequeno esforzo. Unha das condicións é non multiplicar o número de contedores e os puntos de recollida. Non todos podemos telos á porta das casas, xa que iso suporía mobilizar unha cantidade de recursos que xerarían maior gasto enerxético e máis impacto ambiental.

Aqueles residuos que non teñen cheiros e que tampouco pesan, como o papel e os envases, podemos xuntalos en certa cantidade e logo levalos ao contedor.

reducir, xuntar e logo depositar

AGRADECEMENTO Á CIDADANÍA

Nos últimos anos as cidadás e os cidadáns de Redondela cumprimos cada vez mellor o noso papel na xestión dos residuos xerados no concello. Diminuíron os residuos que se depositan incontroladamente, fóra do horario establecido ou no contedor equivocado.

O Concello está a incrementar os puntos de recollida e a ofrecer novas solucións para a reciclaxe. Con isto non só pretendemos acadar boas cifras, senón cumprir coa nosa parte no compromiso medioambiental con Galicia, na mellora da nosa calidade de vida e a das xeracións futuras.

Neste tríptico incluimos a información que debemos ter en conta para xestionar os residuos de xeito responsable.

INFORMACIÓN

986 400 300

medioambiente@redondela.info

Departamento de Medio Ambiente
Concello de Redondela

Empresa concesionaria:

URBASER, S.A.

986 408 034



Concellaría de
Medio Ambiente



urbaser

**a xestión dos
residuos sólidos
urbanos**




**no concello de
Redondela**



Concellaría de Medio Ambiente

PARA COMEZAR...


Ten en conta cales son os días de recollida na túa parroquia e os horarios para depositar o lixo e adáptate a eles. Dalle a importancia que merece esta cuestión e destina na vivenda un espazo e medios suficientes para poder cumprir con estas normas que van en beneficio de todas e todos. Ademais, reciclar é unha obriga establecida pola Ordenanza municipal que regula a xestión dos residuos sólidos urbanos (BOP núm. 175, de 10.09.08).



ENVASES, BRICKS E LATAS

NO CONTEADOR **AMARELO**

Neste contedor só poden depositarse envases e bricks (tamén bolsas de plástico). Non deben depositarse elementos de ningún outro tipo aínda que sexan de plástico ou materiais similares.



PAPEL E CARTÓN

NO CONTENEDOR **AZUL**


O papel e o cartón, para poder reciclarse, deben estar limpos e secos. De non ser así é mellor depositalos no contenedor verde. Tampouco se deixarán se van con calquera elemento que non sexa de papel ou dentro de bolsas plásticas.



BOTELLAS E BOTES DE VIDRO


NO CONTEADOR DE **VIDRO**

Aquí debemos depositar as botellas, frascos e tarros de vidro. **NUNCA** outros elementos que poden parecer semellantes pero que non son de vidro (como os vasos, as bombillas, a louza e o cristal).



O CONTEADOR VERDE

Se estamos separando ben, só deberíamos botar ao contedor verde os residuos orgánicos e as cousas que non son obxecto de recollida específica.



COUSAS GRANDES OU PESADAS E ELECTRODOMÉSTICOS

Para desfacernos daqueles residuos pesados ou voluminosos, independentemente da súa composición, debemos avisar ao xestor, que nos dirá cando e onde podemos depositalos (teléfono do servizo 986 408 034, Urbaser, S.A.)

OUTROS RESIDUOS que debemos separar e que se recollen selectivamente son:

ACEITES FRITIDOS USADOS Existen puntos de recollida no centro urbano para este tipo de aceites. Para poder reciclar este residuo debemos ir recollendo o aceite de cociña usado nun recipiente. Cada vez que enchamos o recipiente achegarémonos ao contedor a baleiralo.

PILAS (nos pequenos contedores amarelos destinados a este fin)

TUBOS FLUORESCENTES (entréganse no almacén municipal, teléfono 986 403 650)

BOMBILLAS INCANDESCENTES, CARTUCHOS DE IMPRESORA, CDs E DVDs, PILAS DE BOTÓN (nos puntos de recollida no centro urbano)

PEQUENOS COMERCIOS: os residuos que xeran as actividades comerciais deben xestionarse por conta de cada empresa. Aínda así o Concello pon ao seu servizo a posibilidade de recollerlles selectivamente cartón se o comunican (teléfono 986 408 034).